

# FERNANDO PALACIOS

En 1992 a Orquestra Filarmónica de Gran Canaria encargou a Fernando Palacios a posta en marcha do seu Departamento Educativo coa fin de investigar novas maneiras de achegar a música a outros públicos. Ao éxito das súas propostas uníronse outras organizacións musicais ata estenderse por España e Latinoamérica. A editorial AgrupArte quixo tamén sumarse a esta “revolución”, editando a súa colección de disco-libros *A mota de pó*. Eles son os causantes do cambio producido nestes últimos anos no seo dos espectáculos e edicións musicais para nenos.

Fernando Palacios puido acometer este traballo gracias á súa variada formación e ás actividades complementarias que desempeñou: profesor de Pedagogía Musical; creador de grupos musicais dispareos; intérprete de música antiga; director e presentador de programas de radio e televisión (*Música sobre a marcha, Son e Oído, Tira de música*, e actualmente realiza en Radio Clásica *As cousas de Palacios*); compositor de obras de concerto (*Fulgor na cochambre, Pianocócteles, Variacións Estigma*), de músicas incidentais (*Mañáns de abril e maio, Ínfimo*) e de espectáculos multimedia (*O silencio das sereas, Música con calquera cousa*); articulista e escritor de libros de recursos (*Artiluxios e instrumentos para facer música, Pezas gráficas para a Educación Musical, escoitar, As óperas do Real e A brúxula ao oído*); e profesor en Universidades, Escolas de Música e Centros de Profesores.

Unha importante parcela da súa creación está adicada a nenos e xóvenes: *A mota de pó, Modelos para armar, As baquetas de Javier, Xogos de cámara, Suite O Termómetro, Tuve tuba por un tubo, Insectos infectos, Mamíferos mortíferos, Álbum de músicas probables*, e as óperas para todos os públicos *O Planeta Analfabía e A ópera dos sentidos*.

## CURSO “PRESENTAR OS CONCERTOS DIDÁCTICOS”

### OBXECTIVOS:

- ? Coñecer as técnicas de presentación dos concertos didácticos.
- ? Dotar aos participantes dos coñecementos e dos recursos necesarios para poder presentar un concerto didáctico.
- ? Traballar os recursos didácticos para a súa posterior aplicación na aula.

### CONTIDOS

- ? Concertos didácticos: criterios básicos de organización e funcionamento; actitude, silencio, atención, vontade de disfrutar e momento máxico.
- ? Tipos de concertos: análise e estudo dos diferentes tipos de concertos didácticos; partes e orden dun concerto; duración.
- ? A presentación: formas e estilos; tratamento; a participación do público, intérpretes, nenos en escena; a participación; voz, escenario e micrófono.
- ? O conto musical: principios xerais; “o teatro da voz”: técnicas de contar, personaxes, tensión, o ritmo da música e o conto.
- ? Concerto con explicacións: ¿qué contar?, ¿cómo presentar unha orquestra?, ¿qué

## INSCRIPCIÓN

Nome: \_\_\_\_\_ DNI: \_\_\_\_\_

Dirección: \_\_\_\_\_ Tlf.: \_\_\_\_\_

Correo electrónico: \_\_\_\_\_

Observacións : \_\_\_\_\_

estudiantes, profesores, músicos, pais e nais.

11 de novembro de 2005, 19:00h. Entrada libre.

**Lugar:** Escola Municipal de Música de Santiago de Compostela

Escola Municipal de Música de Santiago de Compostela  
Rúa Betanzos 55 – A Almaciga  
15703 Santiago de Compostela  
Tfno/Fax: 981 570748  
emmc@jazzfree.com

Departamento de Educación e Mocidade  
Concello de Santiago  
Praza Obradoiro 1  
15703 Santiago de Compostela  
Tfno: 981 554450  
Dptoeducacion@aytocompostela.es

CURSO:  
**PRESENTAR OS CONCERTOS  
DIDÁCTICOS**

8, 9 e 10 de novembro de 2005

CONFERENCIA:  
**O CASTELO DOS DESTINOS  
CRUZADOS**

11 de novembro de 2005



Curso impartido por:

**FERNANDO PALACIOS**

---

**CURSO RECOÑECIDO POLA CONSELLERÍA DE  
EDUCACIÓN DA XUNTA DE GALICIA**